



# Concello de Samos

Pz. de España, s/n

27620 Samos (Lugo)

Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

**Procédese de acordo co artigo 59.5 e 59.6 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, á publicación do seguinte acordo do Pleno de data 5 de febreiro de 2016:**

Por parte do Sr. Alcalde dáse lectura á Proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

## **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO: ACORDOS QUE PROCEDEN EN RELACIÓN CO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CORPORATIVO EN SESIÓN DE DATA 02/09/2005, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO NOME DA RÚA AVDA. GENERALÍSIMO.**

Visto que o Pleno Corporativo en sesión extraordinaria celebrada en data 2 de setembro de 2005 en relación coa modificación do nome da rúa Avda. Generalísimo, adoptou o Acordo coa seguinte parte dispositiva:

“ **Primeiro:** *Aproba-la modificación nos nomes das rúas, así como as novas denominacións que se dín:*

*\* O tramo da agora Avda. Generalísimo que vai dende o inicio de Samos, pola estrada de Triacastela-Samos, ata a Praza de España: **Avda. Abad Mauro.***

*\* O tramo da agora Avda. Generalísimo que vai dende o inicio de Samos, pola estrada de Sarria-Samos, ata a Praza de España: **Avda. de Compostela.***

...

**Segundo:** *Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en dereito sexa lugar para os trámites posteriores que se deriven do presente acordo.”*

Visto que na modificación do nome da rúa se aprecian razóns de interese público.

Visto que non chegaron a efectuarse os trámites para poñer en práctica esta modificación e habida conta do debatido nās últimas sesións plenarias con ocasión das mocións presentadas polo Sr. Concelleiro do Grupo mixto (CXG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, **ESTA ALCALDÍA PROPÓN AO PLENO DO CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Anular o Acordo adoptado en sesión plenaria de 2 de setembro de 2005 en relación coa modificación do nome da rúa Avda. Generalísimo deste Concello, que outorgaba a seguinte denominación:

*“\* O tramo da agora Avda. Generalísimo que vai dende o inicio de Samos, pola estrada de Triacastela-Samos, ata a Praza de España: **Avda. Abad Mauro.***

*\* O tramo da agora Avda. Generalísimo que vai dende o inicio de Samos, pola estrada de Sarria-Samos, ata a Praza de España: **Avda. de Compostela.** “*

**SEGUNDO:** Iniciar o expediente para o cambio de denominación da citada Rúa, publicando anuncio no Taboleiro de edictos e páxina web do Concello e no Tablón edictal único, abrindo un prazo de audiencia de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no Tablón edictal único para que as persoas interesadas definidas no art. 31 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, presenten no Rexistro Xeral do Concello xunto con copia do DNI, as alegacións ou documentos que consideren oportunos, incluíndo propostas para a nova denominación.



# Concello de Samos

Pz. de España, s/n

27620 Samos (Lugo)

Telf./Fax 982 546002 / 982 546122

En todo caso deberán acreditar os dereitos e intereses lexítimos que puideran ter afectados polo acordo que se adopte.

**TERCEIRO:** Unha vez rematado o período de información pública, e no seu caso, emitidos os informes necesarios, o Pleno adoptará o acordo pertinente.

**CUARTO:** O Acordo adoptado no punto primeiro pon fin á vía administrativa é contra o mesmo os interesados poderán interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que ditou o acto, conforme ao previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, ou ben se no quere exercer o seu dereito a presentar o recurso potestativo de reposición mencionado, pode interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, órgano xurisdiccional competente, conforme ao establecido na Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora das xurisdición contencioso-administrativa.

Os Acordos adoptados no punto segundo e terceiro, por tratarse de actos de trámite non poderán ser obxecto de recurso administrativo algún, sen prexuízo de que en calquera momento do procedemento os interesados poidan formular cantas alegacións estime oportunas e que contra a resolución que poña fin ao mesmo poidan interpoñerse os recursos que contra a mesma resulten procedentes.

En Samos, a 1 de febreiro de 2016. O alcalde, Asdo.- Julio Gallego Moure.”

Non habendo máis intervencións, e por unanimidade dos nove (9) membros de Dereito que integran o Pleno Corporativo se **ACORDA** aprobar a Proposta de alcaldía anteriormente transcrita, se ben, as propostas ou alegacións a efectuar no prazo de audiencia outorgado, se presentarán no Rexistro Xeral do Concello en sobre pechado, e unha vez rematado o prazo, se citará aos voceiros dos Grupos políticos municipais para que estén presentes na apertura das mesmas.